

**Posicionamento a favor da prolongación ata 2030 da moratoria ás novas
plantacións de eucalipto en Galicia**
23 abril de 2025

Unha decisión baseada na ciencia

A lei de recuperación da terra agraria de Galicia¹, na súa disposición transitoria novena, estableceu a prohibición temporal ás novas plantacións de eucalipto a partires de xullo de 2021, moratoria que expira o vindeiro 31 de decembro do 2025.

Segundo o devandito texto, a data establecida “*poderá ser obxecto de revisión con base nos datos consolidados obtidos polo inventario forestal continuo de Galicia e na revisión das medidas establecidas no Plan forestal de Galicia 2021-2040*”.

Cando se estableceu a actual moratoria no ano 2021, un dos obxectivos recoñecidos pola Xunta de Galicia era cumprir cunha das directrices marcadas no Plan Forestal de Galicia 2021-2040: o de rebaixar nun 5% a superficie de eucalipto no horizonte do 2040, o que implicaría reducir a súa presenza nunhas 20.000 hectáreas.

Segundo o informe “A Cadea Forestal-Madeira de Galicia 2023-2024”, presentado en decembro de 2024 pola Xunta de Galicia en colaboración coa Universidade de Vigo², os datos do Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG) para 2023 indican un aumento da superficie das plantacións de eucalipto. Así, a superficie cuberta polo eucalipto en Galicia ocupa 419.051 hectáreas, o que se traduce nun aumento respecto ao ano 2022 do 1,4% (6.000 hectáreas máis). É importante ter en conta que, pola metodoloxía empregada na cartografía de IFCG, e o emprego de teledetección satelital, existe un desfasamento de entre 2 e 6 anos para a detección de especies forestais de crecemento rápido. Isto fai que unha parte significativa dos incrementos de 2023 respecto aos datos publicados para 2022 débense a repoboacións realizadas entre 2018 e 2021, polo que para avaliar cartograficamente os resultados da moratoria do eucalipto haxa que agardar máis aló de 2028 ou 2030.

Ao dato do incremento da superficie ocupada polo eucalipto cabe engadir que parte de esta expansión ocorre en espazos naturais protexidos, incluídos algúns dos máis emblemáticos de Galicia, por constituír relictos de bosque atlántico costeiro recoñecidos internacionalmente polo seu alto valor para a biodiversidade, caso do Parque Natural da Fragas do Eume. Segundo unha

¹Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia. DOG Núm. 94, 21 de maio de 2021
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210521/AnuncioC3B0-190521-0001_gl.html

² Universidade de Vigo, 17/12/2024. A facturación da industria galega da madeira descendeu un 10% en 2023
<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/facturacion-industria-galega-madeira-descendeu-10-2023>

investigación recente publicada na Misión Biolóxica de Galicia (MBG-CSIC)³, nun período de 25 anos constatouse a perda dun 17,6% de bosque autóctono no interior deste espazo protexido, así como un aumento das plantacións de eucalipto. Concretamente, a presenza do eucalipto incrementouse nun 48,2% entre os anos 1997 –ano en que foi declarado parque natural– e 2022.

O incumprimento das previsións do Plan Forestal de Galicia 2021-2040

A Lei de Montes de Galicia establece o carácter do Plan Forestal de Galicia, outorgándolle a consideración de instrumento básico de planificación sectorial e con forza vinculante en materia forestal, definindo as liñas de actuación das distintas administracións públicas neste campo.

Na primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”⁴, aprobado en 2021, a proposta do modelo de monte para Galicia é a seguinte:

- Un monte ordenado e xestionado activamente e que dispoña do recoñecemento, por terceiras partes, da súa xestión forestal sostible (GFS).
- Un monte dirixido á valorización de todos os usos e servizos.
- Un monte multifuncional no que se compatibilicen os usos económicos e sociais cos servizos ecosistémicos que achegan os bosques.
- Un monte que mobilice as terras agrarias infrautilizadas ou abandonadas.
- **Cunha superficie de eucalipto equilibrada** cun control adecuado sobre a súa evolución e xestionada activamente, **onde no primeiro quinquenio (2021-2025) o número de novas hectáreas non se incremente máis dun 3% da superficie inicial para que ao final do cuarto quinquenio (2036-2040), a superficie total teña diminuído ata un 5% da superficie inicial.**
- **Cunha maior superficie de coníferas**, pero, en especial, aumentando o valor das masas actuais.
- **Cunha aposta decidida polo incremento das masas de frondosas caducifolias.**
- Que conteña a expansión de especies invasoras.

Respecto da redución da superficie de eucalipto no devandito plan, o PFG considera que o obxectivo establecido para o final do cuarto quinquenio (2036-2040) –que a superficie total teña diminuído ata un 5% da superficie actual– debía de ser un mínimo punto de partida, e que era necesario revisar dun xeito máis ambicioso ao amparo dos datos fornecidos polo IFCG.

³ Díaz García, Paula & Regos, Adrián. Assessing Land-Cover Changes in the Natural Park ‘Fragas do Eume’ over the Last 25 Years: Insights from Remote Sensing and Machine Learning. <https://www.mdpi.com/2073-445X/13/10/1601>

⁴ [1ª Revisión del Plan Forestal de Galicia “Hacia la neutralidad carbónica”](#)

E, precisamente, os últimos datos publicados do IFCG, correspondentes ao ano 2023, mostran que a superficie de eucalipto acada xa as 419.000 hectáreas, excedendo en case 20.000 hectáreas o límite máximo perseguido como obxectivo ao final da vixencia do PFG, e crecendo un 1,4% con respecto aos datos de 2022.

Ademais dos criterios e medidas expostas no PFG, deberíanse ter en conta as recomendacións derivadas do Ditame do Parlamento de Galicia⁵, como: “manter a prohibición de plantación de eucalipto en terras agrícolas ou en montes poboados con frondosas autóctonas; incorporar á normativa a limitación de plantación de eucaliptos en áreas de piñeiro, en función dos plans de ordenación dos recursos forestais; manter a prohibición de plantación de eucalipto nas faixas próximas aos cursos de auga e aos núcleos de poboación; manter a prohibición da plantación de eucaliptos en zonas de Rede Natura e outros espazos protexidos, etc.”

SOLICITAMOS

As organizacións asinantes solicitan ao Goberno da Xunta de Galicia o seguinte:

- ✓ Prorrogar a moratoria de novas plantacións de eucalipto, en base aos datos consolidados obtidos polo Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG) e na revisión das medidas establecidas no Plan Forestal de Galicia 2021-2040, como establece o “art 5 Disposición transitoria 9ª da Lei de Recuperación da terra agraria de Galicia”, como mínimo durante o próximo quinquenio, e ata comprobar que se cumpren os obxectivos de redución de superficie marcados no PFG.
- ✓ Establecer mecanismos para cumprir os obxectivos de superficies que establece o Plan Forestal de Galicia.
- ✓ Manter, como expresan as directrices do Plan Forestal de Galicia, o obxectivo de limitar e reducir a superficie ocupada polo cultivo de eucalipto en Galicia.
- ✓ Reforzar o papel do IFCG e a necesidade técnica de contar con máis tempo para avaliar de xeito acaído o efecto da moratoria.
- ✓ Que, en canto sexa posible coa metodoloxía empregada na cartografía de IFCG e a teledetección satelital, se identifiquen as superficies de plantacións de eucaliptos que incumprisen a moratoria establecida en

⁵ Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017.

<https://www.parlamentodegalicia.gal/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B100346.pdf>

2021 e se inicien de oficio os trámites para que se restitúan os terreos ao seu estado anterior.

Posicionamiento a favor de la prolongación hasta 2030 de la moratoria a las nuevas plantaciones de eucalipto en Galicia

23 de abril de 2025

Una decisión basada en la ciencia

La Ley de recuperación de la tierra agraria de Galicia⁶, en su disposición transitoria novena, estableció la prohibición temporal a las nuevas plantaciones de eucalipto a partir de julio de 2021, moratoria que expira el próximo 31 de diciembre del 2025.

Según dicho texto, la fecha establecida ***“podrá ser objeto de revisión en base a los datos consolidados obtenidos por el inventario forestal continuo de Galicia y en la revisión de las medidas establecidas en el Plan forestal de Galicia 2021-2040”***.

Cuando se estableció la actual moratoria en el año 2021, uno de los objetivos reconocidos por la Xunta de Galicia era cumplir con una de las directrices marcadas en el Plan Forestal de Galicia 2021-2040: el de rebajar en un 5 % la superficie de eucalipto en el horizonte del 2040, lo que implicaría reducir su presencia en unas 20.000 hectáreas.

Según el informe “La cadena forestal-madera de Galicia 2023-2024”, presentado en diciembre de 2024 por la Xunta de Galicia en colaboración con la Universidad de Vigo⁷, los datos del Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG) para 2023 arrojan un aumento de la superficie de las plantaciones de eucalipto. Así, la superficie cubierta por el eucalipto en Galicia ocupa 419.051 hectáreas, lo que se traduce en un aumento respecto al año 2022 del 1,4% (6.000 ha más). Es importante tener en cuenta que, por la metodología empleada en la cartografía de IFCG, y el empleo de teledetección satelital, existe un desfase de entre 2 y 6 años para la detección de especies forestales de crecimiento rápido. Esto hace que una parte significativa de los incrementos de 2023 respecto a los datos publicados para 2022, se deben a repoblaciones realizadas entre 2018 y 2021, por lo que para evaluar cartográficamente los resultados de la moratoria en eucalipto haya que aguardar más allá de 2028 o 2030.

Al dato del incremento de la superficie ocupada por el eucalipto cabe añadir que parte de esta expansión ocurre en espacios naturales protegidos, incluidos algunos de los más emblemáticos de Galicia por constituir relictos de bosque atlántico costero reconocidos internacionalmente por su alto valor para la biodiversidad, caso del Parque Natural de la Fragas do Eume. Según una

⁶Ley 11/2021, de 14 de mayo, de recuperación de la tierra agraria de Galicia. BOE, 26 de junio de 2021.

<https://www.boe.es/eli/es-ga/l/2021/05/14/11/dof/spa/pdf>

⁷ Universidad de Vigo, 17/12/2024. A facturación da industria galega da madeira descendeu un 10% en 2023

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/facturacion-industria-galega-madeira-descendeu-10-2023>

investigación reciente publicada en la Misión Biológica de Galicia (MBG-CSIC)⁸, en un periodo de 25 años se ha constatado la pérdida de un 17,6 % de bosque autóctono en el interior de este espacio protegido, así como un aumento de las plantaciones de eucalipto. Concretamente, la presencia del eucalipto se incrementó un 48,2 % entre los años 1997 –año en que fue declarado parque natural– y 2022.

El incumplimiento de las previsiones del Plan Forestal de Galicia 2021-2040

La Ley de montes de Galicia establece el carácter del Plan Forestal de Galicia, otorgándole la consideración de instrumento básico de planificación sectorial y con fuerza vinculante en materia forestal, definiendo las líneas de actuación de las distintas administraciones públicas en este campo.

En la primera revisión del Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Hacia la neutralidad carbónica”⁹, aprobado en 2021, la propuesta del modelo de monte para Galicia es la siguiente:

- Un monte ordenado y gestionado activamente y que disponga del reconocimiento, por terceras partes, de su gestión forestal sostenible (GFS).
- Un monte dirigido a la valorización de todos los usos y servicios.
- Un monte multifuncional donde se compatibilicen los usos económicos y sociales con los servicios ecosistémicos que aportan los bosques.
- Un monte que movilice las tierras agrarias infrautilizadas o abandonadas.
- **Con una superficie de eucalipto equilibrada** con un control adecuado sobre su evolución y gestionada activamente, *donde en el primer quinquenio (2021-2025) el número de nuevas hectáreas no se incremente más de un 3% de la superficie inicial para que, al final del cuarto quinquenio (2036-2040), la superficie total haya disminuido hasta un 5% de la superficie inicial.*
- **Con una mayor superficie de coníferas**, pero, en especial, aumentando el valor de las masas actuales.
- Con una apuesta decidida por el incremento de las masas de frondosas caducifolias.
- Que contenga la expansión de especies invasoras.

Respecto a la reducción de la superficie de eucalipto en dicho plan, el PFG considera que el objetivo establecido para el final del cuarto quinquenio (2036-2040) – que la superficie total haya disminuido hasta un 5% de la superficie actual- debía de ser un mínimo punto de partida, y que era necesario revisar de una manera más ambiciosa al amparo de los datos suministrados por el IFCG.

⁸ Díaz García, Paula & Regos, Adrián. Assessing Land-Cover Changes in the Natural Park ‘Fragas do Eume’ over the Last 25 Years: Insights from Remote Sensing and Machine Learning. <https://www.mdpi.com/2073-445X/13/10/1601>

⁹ [1ª Revisión del Plan Forestal de Galicia “Hacia la neutralidad carbónica”](#)

Y, precisamente, los últimos datos publicados del IFCG, correspondientes al año 2023, muestran que **la superficie de eucalipto alcanza ya las 419.000 hectáreas, sobrepasando en casi 20.000 hectáreas el límite máximo perseguido como objetivo al final de la vigencia del PFG**, y creciendo un 1,4% con respecto a los datos de 2022.

Además de los criterios y medidas expuestas en el PFG, se deberían tener en cuenta las recomendaciones derivadas del Dictamen del Parlamento de Galicia¹⁰, como: “mantener la prohibición de plantación de eucalipto en tierras agrícolas o en montes poblados con frondosas autóctonas; incorporar a la normativa la limitación de plantación de eucaliptos en áreas de pino, en función de los planes de ordenación de los recursos forestales; mantener la prohibición de plantación de eucalipto en las fajas próximas a los cursos de agua y a los núcleos de población; mantener la prohibición de la plantación de eucaliptos en zonas de Red Natura y otros espacios protegidos, etc.”

SOLICITAMOS

Las organizaciones firmantes solicitan al Gobierno de la Xunta de Galicia lo siguiente:

- ✓ Prorrogar la moratoria de nuevas plantaciones de eucalipto, en base a los datos consolidados obtenidos por el Inventario Forestal Continuo de Galicia (IFCG) y en la revisión de las medidas establecidas en el Plan Forestal de Galicia 2021-2040, como establece el “art 5 Disposición transitoria 9ª de la Ley de Recuperación de la tierra agraria de Galicia”, como mínimo durante el próximo quinquenio, y hasta comprobar que se cumplen los objetivos de reducción de superficie marcados en el PFG.
- ✓ Establecer mecanismos para cumplir los objetivos de superficies que establece el Plan Forestal de Galicia.
- ✓ Mantener, como expresan las directrices del o Plan Forestal de Galicia, el objetivo de limitar y reducir la superficie ocupada por el cultivo de eucalipto en Galicia.
- ✓ Reforzar el papel del IFCG y la necesidad técnica de contar con más tiempo para evaluar de manera adecuada el efecto de la moratoria.
- ✓ Que, en cuanto sea posible con la metodología empleada en la cartografía de IFCG y la teledetección satelital, se identifiquen las

¹⁰ Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017.

<https://www.parlamentodegalicia.gal/sitios/web/BibliotecaBoletinsOficiais/B100346.pdf>

superficies de plantaciones de eucaliptos que hubiesen incumplido la moratoria establecida en 2021 y se inicien de oficio los trámites para que se restituyan los terrenos a su estado anterior.

Organizaciones firmantes: Amigas da Terra, BioEco2, Clúster da Biomasa de Galicia, Ecoloxistas en Acción, Fundación Arume, Fundación Montescola, Fundación Juana de Vega, Fundación RIA, Greenpeace España, Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACCMM), SEO Birdlife, Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) y WWF España.

Firmas individuais: Lourenzo Fernández Prieto (Catedrático de Historia Contemporánea da USC, Director Científico do CISPAC), Laura Oso Casas (Catedrática de Socioloxía da UDC, Directora adxunta do CISPAC), Xavier Simón Fernández (Catedrático de Economía Aplicada da UVigo, Director adxunto de Transferencia do CISPAC), Edelmiro López Iglesias (Profesor Titular de Economía Aplicada da USC), David Soto Fernández (Profesor Permanente Laboral de Historia Contemporánea da USC), Mario Pansera (Investigador Distinguido Oportunius na Área de Organización de Empresas da UVigo) y Ruth Varela Rodríguez (Investigadora Juan de la Cierva de Composición Arquitectónica da UDC).